



## CAMPIONATO TERRITORIAL

### DIVISIÓN DE HONRA CADETE MASCULINA

#### FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta competición desenrolarase en dúas fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

**1ª Fase ou Fase Regular:** Os doce (12) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta.

**2ª Fase ou Fase Final:** A disputarán os equipos 2º, 3º, 4º e 5º clasificados ao final da 1ª Fase ou Fase Regular da Competición de División de Honra Masculina.

Xogarse baixo o sistema de concentración nun fin de semana (venres, sábado e domingo) polo sistema de liga a unha volta, co calendario que se adxunta as presentes Bases.

Establecerase unha clasificación ordinal, trasladándose esta orde á clasificación xeral final do Campionato de División de Honra Cadete Masculina, ocupando os postos 2º ao 5º da devandita clasificación xeral final.

Terán dereito a organizar esta Fase Final os equipos clasificados para esta, atendendo á orde de clasificación, é dicir, o 2º clasificado terá prioridade sobre o 3º para organizala, e así sucesivamente.

#### DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Fase ou Fase Regular desenvolverase entre os días 23 de setembro de 2018 e 24 de marzo de 2019.

A 2ª Fase ou Fase Final desenvolverase os días 5, 6 e 7 de abril de 2019. No caso de que algún dos equipos participantes nesta 2ª Fase ou Fase Final deba xogar a Minicopa organizada por Asobal, as datas de celebración serán 26, 27 e 28 de abril de 2019.

#### EQUIPOS CLASIFICADOS PARA FASE ESTATAL

Accederá directamente á Fase Estatal do Campionato Cadete Masculino o equipo clasificado en primeiro lugar da 1ª Fase ou Fase Regular desta Competición.

Igualmente accederá o equipo clasificado en segundo lugar, sempre e cando, a Federación Galega conte con vinte e cinco (25) equipos de categoría Cadete Masculina participando nas diferentes competicións da categoría.



Para establecer o equipo clasificado en segundo lugar do Campionato se atenderá a clasificación final da Segunda Fase ou Fase Final da Competición.

O/Os equipo/s clasificados para disputar a Fase Estatal deberán ingresar a cantidade de **DOUSCENTOS** euros (200.- euros) na conta da Real Federación Española de Balonmán dentro da semana seguinte a data de finalización da Fase Territorial, seguindo co aprobado na Asemblea Xeral da RFEBM.

### **PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE DIVISIÓN DE HONRA DA TEMPADA 2018/2019**

Os equipos clasificados nos postos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º desta Competición adquiren o dereito a xogar na Competición de División de Honra da temporada 2019/20.

No mes de setembro de 2019, todos os equipos inscritos, nos prazos previstos pola F.G.Bm., podrán participar nunha Fase Previa para disputar a Competición de División de Honra (Play Off de Ascenso).

O Play Off se disputara nun fin de semana, polo sistema concentración (tipo sector). Serán sedes organizadoras, se así o solicitan, os equipos clasificados nas competicións da tempada 2018/19 nos seguintes postos: Campión de 2ª División Cadete Masculina; 7º, 8º, 9º clasificados de División de Honra; 2º clasificado de 2ª División Cadete e 10º clasificado de División de Honra.

### **SEGUNDO TORNEO OFICIAL**

Unha vez finalizada a Fase Territorial do Campionato Territorial de División de Honra Cadete Masculina os equipos, **de forma obrigatoria**, disputarán un segundo torneo oficial.

### **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS**

O equipo organizador da 2ª Fase ou Fase Final do Campionato Territorial correrá cos gastos dos dereitos de arbitraje, de aloxamento en réxime de pensión completa e de desprazamento dos árbitros e do delegado federativo.

Estas Normas específicas do Campionato Territorial de División de Honra Cadete Masculino complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.



## **CAMPIONATO TERRITORIAL DIVISIÓN DE HONRA CADETE MASCULINA**

### **SEGUNDA FASE OU FASE FINAL**

#### **1ª XORNADA (05.04.19)**

2º Clasificado D. Honra	-	5º Clasificado D. Honra
3º Clasificado D. Honra	-	4º Clasificado D. Honra

#### **2ª XORNADA (06.04.19)**

3º Clasificado D. Honra	-	5º Clasificado D. Honra
4º Clasificado D. Honra	-	2º Clasificado D. Honra

#### **3ª XORNADA (07.04.19)**

5º Clasificado D. Honra	-	4º Clasificado D. Honra
2º Clasificado D. Honra	-	3º Clasificado D. Honra